

A prensa betanceira (II)

De “El Pueblo” a “La Defensa”. 1900-1910

XESUS TORRES REGUEIRO*

A SEGUNDA XEIRA DA PRENSA LOCAL

A segunda xeira da prensa betanceira, que abarca os primeiros anos do século, é a máis importante —ao meu xuicio— das tres en que estruturamos o estudo da prensa local. E considéroa a máis importante non en canto a criterios de calidade, senón en canto ás contradicións de intereses de clase que teñen lugar e que a prensa destes anos tenta reflexar.

Podemos dizer que si a primeira xeira da prensa local —dende El Censor até a derradeira publicación do século pasado— é patrimonio exclusivo da burguesía local e dunha pequena burguesía crítica e ilustrada, nesta segunda xeira a prensa local vai ser un medio de confrontación de intereses, e non soio electorais, entre esa burguesía e as clases traballadoras (obreiros e labregos). E esto é debido á toma de conciencia —en maior ou menor medida— das clases traballadoras, á sua organización e á contestación á situación política establecida, chegando incluso a confrontacións políticas electorais. Nestas condicións as clases traballadoras necesitan prensa de seu, ainda que soio sexa para contestar á prensa burguesa e caciquil.

A segunda xeira da prensa local, que vai de 1900 a 1910, abarca 18 publicacións ben desiguais tanto en duración como en calidade e importancia.

Compre aclarar o enganoso do número de publicacións, xa que unha grande parte delas non son en realidade novas publicacións, sinón continuadoras doutras que únicamente cambian de nome e cabeceira.

A periodicidade de todas elas é semanal, excepción feita de *El Eco de la Infancia* —trimestral— e *El Bando* —quincenal—, e a sua duración é moi desigual: dende os oito anos de *La Aspiración* e os catro de *La Defensa* até as publicacións de corte satírico que únicamente sacaron un número, si ben tiñan continuación noutras publicacións como xa quedou dito. Esto pode indicarnos o grau de aceptación das diferentes publicacións na localidade e tamén as dificultades de todo tipo que moitas publicacións tiñan para manterse.

As publicacións desta etapa podemos repartilas en tres grupos tendo en conta o seu contido:

a) Publicacións que responden a un enfrentamento político e ideolóxico. É o caso do enfrentamento que sosteñen *El Pueblo* con *El Progreso* e os seus continuadores *Otro Pueblo* e *El Mandeo*, e *La Aspiración* con *la Defensa*. Neste apartado pódese situar tamén a *El Bando*, de propaganda ideolóxica dos republicanos, si ben non sostén ningún enfrentamento xornalístico ao non existir ningunha outra publicación neste intre.

b) Publicacións satíricas. Neste apartado hai que incluir sete publicacións, que en rigor pódese dicir que se trata da mesma que vai trocando de nome: *El Chaparrón*, *Un suspiro de El Chaparrón*, *La Cántarida*, *La Mariposa*, *Doña Prudencia*, *El Cornetín* e *El Bombardino*.

c) Publicacións monotemáticas. Adicadas ao mundo infantil, xuvenil e ao ensino. É o caso de *El Eco de La Infancia*, *Destellos Juveniles* e *La Enseñanza Brigantina*.

DE “EL PUEBLO” A “LA DEFENSA”. 1900-1910

Betanzos enceta o novo século con perto de 9.000 habitantes e cunha actividade económica estancada no pasado. Aparte das fábricas de curtumes dos Etcheverría e Lissarrague, non coñecemos ningunha outra actividade industrial relevante (1). A actividade económica redúcese pois ao que xa

* Xesús Torres Regueiro, betanceiro, é profesor de E.X.B. e investigador de temas históricos dos s. XIX e XX.

(1) En 1902 fálase da posible instalación dunha fábrica de cervezas. *El Pueblo*, n.º 4, 26-8-01.

coñecemos do século anterior: obradoiros artesanais, comercios e, fundamentalmente, á agricultura. Unha agricultura arcaica, estancada e sometida aos eternos desaxustes estruturais de propiedade e tenencia das terras, en mans dunhas poucas familias (Etcheverría, Naveira, Sánchez, Leis...). Os labregos, ademais dos problemas derivados deses desaxustes (foros, trabucos,...) ténense que enfrentar coas perdas que ocasionan as plagas naturais (secas, malas colleitas, epidemias de filoxera e mildiu nos viñedos,...).

A falla de emprego, por outra parte, é enorme. As crises periódicas na construcción ocasionan un elevado número de parados que nin siquera unha obra de envergadura como a construcción do ferrocarril Betanzos-Ferrol pode absorver. Fálase entón de xestionar a realización de obras institucionais para paliar o desemprego: ensanche da Ribeira, proxecto de malecón da Ponte Nova ao matadeiro, alcantarillado da Porta da Vila,... A maioría delas quedáronse en proxectos. As únicas saídas dos traballadores para rachar coa situación son a revolta e a emigración, ou do contrario pasar fame.

Despois do colapso emigratorio a causa das guerras coloniais e do desastre conseguinte, que ocasionaron repatriacións masivas, a emigración vaise encamiñar fundamentalmente á Arxentina (2), producíndose pouco a pouco unha riada emigratoria nos primeiros anos de século, que ocasiona un forte baixón demográfico. Así, en 1910 a Sociedade Hijos de Betanzos en Buenos Aires xa se atopa estabilizada, publicando incluso o órgano LAS MARIÑAS, podéndose observar nas suas páxinas de publicidade que moitos betanceiros atopábanse xa instalados con comercios na capital arxentina (3).

Politicamente a situación vaise manter, no fondo, inalterable durante anos. En 1901 Eduardo Gasset e Chinchilla é o candidato oficial a diputado en Cortes polo distrito. O municipio está composto por oito conservadores e oito liberais. Tócalles o turno aos liberais que gobernan sin oposición, xa que os conservadores nin asisten normalmente ás sesións. Francisco Sánchez Díaz, fillo do alcalde César Sánchez Sanmartín, é diputado provincial. Hasta os cargos burocráticos (xuíz, segredario,...) son nomeados e manexados polo poder caciquil e, en moitos casos, gardan relación de parentesco.

Non obstante o equilibrio e o consenso na composición da corporación municipal vaise ver perturbados pola presencia dun concelleal socialista. A candidatura socialista, apoiada polas sociedades de labradores, carpinteiros, canteiros e oficios varios, vai sacar un representante, dos tres candidatos presentados, nas eleccións municipais de novembro de 1901.

O "status quo" das familias de notabeis que controlan o poder político local, especialmente a familia Sánchez e achegados, vese contestado agora incluso no seo da institución municipal.

A organización e resistencia dos sectores populares vai madurecendo e fortalecéndose, en parte gracias á influencia da Coruña: celebracións dos primeiros de maio, folgas sectoriais, encontros de irmandade entre obreiros coruñeses e betanceiros,... A represión por parte do poder caciquil burgués é a resposta: obreiros despedidos por participar en folgas; amenazas e provocacións nas celebracións do 1.º de maio por parte do alcalde e gobernador civil, chegando á suspensión da celebración do de 1902; trabas e aplicación de censura municipal para as publicacións disidentes; xulgamento do concelleal socialista Bernardo Miño por "ultrajes a la nación"; detencións arbitrarias de líderes agrarios da bisbarra,...

Entre os anos 1906 e 1910 o heteroxéneo movemento Solidaridad Gallega, na sua vertente agraria, vai ter nas terras betanceiras o seu principal e máis importante foco de axitación. O poder e os seus intermediarios a nivel local asisten con medo ao expansionismo e poder de convocatoria deste movemento agrario, que representa ademais unha amenaza a nivel electoral para os dous partidos turnistas (4). Tentarán de cortalo por tódolos medios: proibindo mítines e reunións, executando detencións entre os agrarios máis combativos con imposición de fianzas elevadísimas, califando as súas formas de loita e resposta como terrorismo agrario. O conflito trascende o seu espacio de acción para chegar á prensa de Madrid, incluso a algúns franceses, e provocando debates nas Cortes (5).

(2) Somente en febreiro de 1907, 18 mulleres xóvenes emigran á Arxentina. La Defensa, n.º 29, 17-2-07.

(3) A Sociedade Hijos de Betanzos en Buenos Aires fundárase en 1905.

(4) Nas eleccións municipais de 1909 os solidarios conseguén 258 concellealías en municipios da provincia da Coruña. En Irixoa, Vilarmaior e Coirós conseguén maioría, e en Aranga, Sada e Oza unha minoría significativa. En Betanzos acadáran dous concellealías.

(5) Estes foron algúns dos titulares que saltaron á prensa de Madrid, recollidos por La Defensa: "Agitación campesina", "Agitación en Galicia", "La Mano Negra en Betanzos", "Los sucesos de Betanzos", "Las hermandades de Galicia", "Mano Negra de las Mariñas", "Secta terrible en el campo gallego".

O 6-6-09 La Defensa sacou un extraordinario con 8 páx. impreso nos talleres madrileños de El Liberal, recollendo a interpellación no congreso do diputado solidario catalán Sr. Rodés sobre os chamados "sucesos de Betanzos".

O confrontamento ideolóxico

En agosto de 1900 surxió *El Pueblo* da man dun grupo da pequena burguesía cunha vocación política e ilustradora. Ao mesmo tempo que publica artigos e colaboracións con pretensións educativas e instructivas, combate a política caciquil dos liberais que están ao frente do concello. Neses primeiros momentos *El Pueblo* parece estar respaldado por todas as forzas que se opoñen a esta caste de políticos, conservadores incluídos. Mais o apoio crecente á recién creada Asociación de Agricultores de Betanzos, de carácter socialista, e ás incipientes organizacións obreiras locais, a través dunha sección titulada “Socialismo”, dará lugar a disensións entre os redactores iniciais da publicación, pasando os más conservadores a *El Progreso*. Esta publicación aparece uns meses despois, diante da radicalización e carís combativo de *El Pueblo*, como portavoz dunha burguesía ilustrada (escribanos, médicos, mestres, abogados,...) e en claro confrontamento coas veleidades socializantes do seu colega. O confrontamento agudizarase e clarificarse nos meses seguintes cando *El Pueblo* pasa a ser oficialmente órgano do sector caciquil-liberal da localidade, acaudillado por Agustín García Sánchez, e *El Pueblo*, dirixido agora polo líder agrario socialista Bernardo Miño Abelenda, adoptará unha clara liña en defensa das organizacións obreiras e labregas. Este posicionamento oficialista de *El Progreso* non será assumido por todos os colaboradores, abandonando algúns a redacción.

Cabe sinalar como anécdota que o confrontamento ideolóxico entre as dúas publicacións foi reflexado nun dibuxo do globo grande nas festas de 1901, que representaba a duas mulleres peleando.

El Progreso terá continuación nos meses seguintes en *Otro Pueblo* e *El Mandeo*, que continúan na mesma tónica do seu antecesor (6). Trátase simplemente dun cambio de cabeceira e dun intento de cambio de imaxe para competir con *El Pueblo*, concedéndolle relevancia e especio aos temas agrícolas. A continuidade fica clara, proseguindo cos mesmos lectores e subscriptores. Así o reconoce *El Mandeo*, querendo negar o carácter de continuador de *Otro Pueblo*, no seu número 1: “...muchos de nuestros apreciables suscriptores...lo fueron también del semanario “*Otro Pueblo*” que dejó de tirarse...” (7).

O certo é que ca desaparición de *El Pueblo*, en xuño de 1902, ao parecer por problemas coa censura, o sector liberal-caciquil xa non ten necesidade de defendese a través dun órgano e fai desaparecer o semanario *El Mandeo*, que na sua aparición fora irónicamente saludado por *El Pueblo* como “colega fluvial” e deseñándolle “grandes crecidas”.

As publicacións satíricas e monotemáticas

Entremedias do confrontamento periodístico e ideolóxico entre os sectores representados por *El Pueblo*, por unha banda, e polos órganos caciquís citados, por outra, xurden unha serie de publicacións satíricas, intrascendentes e á marxe da loita: *El Chaparrón*, *Un suspiro de El Chaparrón*, *La Cántarida*, *La Mariposa*, *Doña Prudencia*, *El Cornetín* e *El Bombardino*. Todas elas, en realidade, non son máis que unha única publicación que vai cambiando de cabeceira de maneira case continua, non chegando moitas delas aos dous ou tres números. Obedecen a modas da época (8) e son algo así como semanarios locais “do corazón” con conceptos frívolos e galantes do amor. Están dirixidos á burguesía e feitos por xóvenes das máis poderosas familias da localidade, como un divertimento xuvenil. Así, por exemplo, o director de *El Chaparrón* é o fillo do alcalde, César Sánchez Sanmartín.

(6) *Otro Pueblo* fai a sua aparición dirixindose desta maneira ó colega rival: “...tiene por principal misión quebrantar el octavo mandamiento de la ley de Dios y hacerse eco de odios de familias y rencores particulares, empleando para ello la reticencia calumniosa, la cinica despreocupación y el lenguaje más procac y menos culto de que hay ejemplo!... Era necesario, pues, que apareciese *Otro Pueblo* que restableciese la verdad de los hechos, contestara aquellos groseros insultos y tuviera sobre aviso al público candido para que no se dejara influir por tales engaños...”

El Pueblo recibe a aparición de rival con serenidad: “Su nombre está muy bien apropiado, porque en efecto no es el pueblo de Betanzos a quien puede representar, sino a los que lo oprimen y le maltratan sus intereses municipales, prevaleciéndose para ello de los cargos que desempeñan, o de su influencia”. *El Pueblo*, n.º 54, 12-10-01.

(7) *Otro Pueblo* incluso chega a entrevistar a Agustín García para que desminta que sexa director e impulsor de periódico, *Otro Pueblo*, n.º 9, 22-11-01. Para el Pueblo está claro o carácter de continuador de *Otro Pueblo*, “como con un ingenio poco común han llamado al sucesor de *El Progreso*, órgano de nuestro no menos digno alcalde...” *El Pueblo*, n.º 55, 19-10-01.

(8) A finais do século XIX e principios do XX son moitas as publicacións deste tipo en Galicia: *Café con tostadas* (Pontevedra, 1895), *La Avispa* (Santiago, 1897), *El Impertinente* (Pontevedra, 1897), *La Ducha* (A Coruña, 1897), *Trampolin* (A Coruña, 1900), *El Cinife* (Santiago, 1900), *La Bruja* (Ourense, 1901), etc. Véxase o incompleto traballo de J. C. Fernández Pulpeiro, “Apuntes para la historia de la prensa del siglo XIX en Galicia”, *Santiago*, 1981.

En 1907, *La Aspiración* anuncia a aparición de *El Vencejo*, semanario satírico dirixido por xóvenes. Seguramente non chegou a sair ou, en todo caso, non tiuo continuidade. *La Aspiración*, n.º 169, 30-6-07.

As publicacións monotemáticas desta época están dirixidas a un público infantil e xuvenil. É o caso de *El Eco de la Infancia*, “único en su clase en Galicia”, patrocinado pola Casa Núñez (9); *La Enseñanza Brigantina*, publicación dos centros de ensino da localidade; e *Destellos Juveniles*, que sin ser continuación das publicacións satíricas citadas, segue en parte a súa liña, da man dun rapaz de quince anos, chamado Francisco Vales Villamarín, que enceta aquí unha longa relación coa letra impresa.

Caciquismo e agrarismo

O segundo enfrentamento fortemente ideolóxico e político a través da prensa darase entre 1906 e 1910 por medio de *La Aspiración*, instrumento periódístico de Agustín García Sánchez e familia, e de *La Defensa*, órgano das Asociacións de Agricultores. Pero, pouco antes, fará a sua aparición *El Bando*, en 1903, como órgano do Centro Republicano local. Os republicanos tiñan certa forza en Betanzos por esos anos e seguían o liderazgo de Nicolás Salmerón despois das fortes divisións internas de anos anteriores. *El Bando* terá corta vida e non conseguirá callar fóra do núcleo de militantes. Así o recoñece un colaborador nunha carta aberta no n.º 4: “Querido Pepe: La propaganda de nuestras ideas por medio del periódico, no da fruto en las aldeas...”. Diante do fracaso propagandístico os republicanos pechan filas e tamén o periódico, na agarda de tempos millores.

Nos primeiros anos do século, especialmente a partir de 1906, Galicia, en xeral, e a bisbarra betanceira en particular, asisten a un proceso sorprendente de creación de numerosas sociedades agrarias de resistencia. Para Rodrigo Sanz, teórico e activista agrario, “foron os centos e milleiros de emigrantes volvidos que viran en América outra libertad i outro modo de vivir e traballar, e que de aló trouxeron algúns aforros para vivir de seu e na sua casa. Estes aportaron as rebeldías con que se atrever i os capitaliños con que tentar a mellora da sua aldea...” (10).

Durante estes anos créanse na nosa bisbarra sociedades agrarias en Betanzos, Paderne, Cesuras, Oza, Coirós, Irixoa, Aranga, Bergondo e Sada. En moitos destes concellos son varias as agrarias existentes, xa que teñen algunas ámbito parroquial (11). Mais o foco de axitación xurdirá en San Pedro de Oza ao resistírense os labregos a pagar os fortes trabucos impostos polo aparello caciquil municipal (12).

En 1906 formarase un movemento rexenerador heteroxéneo chamado Solidaridad Gallega, a imitación da Solidaritat Catalá, e composto polos grupos más dispares: carlistas, rexionalistas, republicanos, federais,..., pero que teñen en común a súa oposición ao réxime político imperante. A súa forza e importancia vaina ter no agro, ao lograr conectar cos movementos agrarios (13).

En Betanzos e bisbarra os abogados e potentes propietarios Víctor Naveira Pato e Xoán Golpe Varela, tradicionalistas os dous e rexionalista o segundo, acadarán o liderazgo do movemento cunha oratoria anticaciquil e rexeneracionista. Deste xeito o órgano agrario *La Defensa*, controlado por eles, pasará a defender o movemento solidario. Asimismo a presentación terá lugar en Betanzos, antes que na Coruña, nun mitin na Plaza do Campo, baraxándose unha asistencia de varios miles ou centenares de labregos, da bisbarra, segun as fontes foran favorabeis ou contrarias (14). Falaron Xan Golpe, Lugrís Freire, os cataláns Odón de Buen e Senante, Vázquez de Mella e Salmerón. Golpe e Naveira significaranse recorrendo todo o distrito como mentores do movemento, dando mítines, fomentando reunións e asociacións. Serán tamén os líderes solidarios más perseguidos.

La Defensa representa a tendencia más tradicionalista e conservadora do movemento solidario, en contradición cos métodos de loita radicais executados polas sociedades agrarias que representa. Esto explícase polo control ideolóxico que exercen sobre a publicación os membros da redacción. Estes defenden unha xusta distribución da cárga impositiva e unha solución negociada e moderada.

(9) En 1882 saía na Coruña *La Musa de la Infancia*, revista moral e instructiva dedicada a la niñez, que ben poidera ser un antecedente de *El Eco de la Infancia*.

(10) Vex. Rodrigo Sanz: “Galicía, Estudios Gallegos, A Bida labrador”, Barcelona, 1917.

(11) Cfr. J. A. Durán: “Crónicas-3): Entre la Mano negra y el nacionalismo galleguista”, Madrid, 1981.

(12) Oitocentos vecíños de Oza acudiron en dous trens a manifestarse polas rúas da Coruña e diante do goberno civil, en protesta polos arbitrios extraordinarios impostos polo concello de San Pedro de Oza. *La Voz de Galicia*, 24-4-06.

(13) Cfr. J. A. Durán: “Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)”, Madrid, 1977.

(14) Así mentras para *La Defensa* a asistencia foi de 9.000 persoas, para *A Nosa Terra* foi de 6.000, de 5.000 para Solidaridad Gallega, e para *La Voz de Galicia*, contraria e belixerante co movemento, foi de 400 persoas.



Mitin na presentación de "Solidaridad Gallega" en Betanzos o 6 de outubro de 1907.

da, mediante a redención económica das terras,o problema foral da propiedade e tenencia da terra,e arrastrarán con eles a medianos propietarios e ainda pequenos labregos aforados que verán a posibilidade de redimir os foros e acceder á propiedade plena da terra (15).

A loita entre La Defensa e La Aspiración, defensores de dúas posicións antagónicas e enfrentadas, acadará cotas de crudeza, especialmente en épocas electorais, cando os sectores caciquís ven amenazado o seu poder nos concellos do distrito, diante da forza solidaria, pese a contar con todo o aparello electoral da súa man.

La Defensa ataca duramente o caciquismo de distrito e do concello, encarnado no seu xefe máximo Agustín García, "...docto letrado-cacique del partido de Betanzos...máximo jefe de las camarillas burocráticas, sumadas para el fin de explotar a su gusto y en provecho propio el turno de los dos partidos que gobiernan a España..." (16). Mientras que La Aspiración aproveita en moitas ocasións o carácter heteroxéneo e contraditorio dos solidarios para crear fisuras e enfrentamentos e acusan ao movemento de "fusión de radicalismo y reaccionarismo" aparte doutros adxectivos más fortes. Para o bando agustinista os líderes agrarios son aspirantes a caciques, notables sin poder modestos coa situación, e que embaucan a "candorosos labriegos". La Aspiración reconoce o caciquismo existente e xustifica-o diante da amenaza doutro peor.

Nunca se chegara nas anteriores loitas xornalísticas entre publicacións locais a un grado tal de polemización e paixón, recurríndose normalmente ao insulto persoal por ambas partes. Así La Aspiración chama a La Defensa "vergüenza, baldón é ignominia de todos los semanarios habidos y por haber". Para La Defensa o seu rival é un "papelucio despreciable" e outras veces "escupidera e ornal". Asímesmo intercambiaran alcumes: Para La Aspiración, o órgano agrario era "La Ofensa" ou "La Adefesia"; e para éste, aquela era "La Asofía" (17).

La Defensa deixará de sair a principios de 1910, con Solidaridad Gallega sumida en fondas contradiccionés que determinaron o seu esfarelameto pouco despois, deixando a La Aspiración sin contendiente. Pero polos agros galegos e betanceiros tiña pasado un ar de revoltá que deixará un pouso de concienciación nos labregos para as loitas agrarias vindeiras e tamén algúns "escaldados" desta experiencia.

(15) "Somos partidarios de la redención de los foros, pero de la redención justa, en un término moderador... Fíjese una cantidad que satisfaga, que no lesione los derechos de los propietarios de los foros, y entonces aplaudiremos la idea..." La Defensa, n.º 92, 3-5-08.

(16) La Defensa, n.º 24, 13-1-07.

(17) Pese a todo La Defensa tiña unhas elevadas cotas de calidad, ao marxe da sección "Pellizcos", firmado por "Tristán Penanegra", na que se recorre a feito ao insulto e à descalificación do contrario por todos os medios e que seguramente era a más lida. Ningún outro periódico local conseguirá xuntar unha lista de colaboradores de tanto prestíxio. Ademais os traballois publicados en folletoín —desde arquitectura a divulgación de técnicas de cultivo, pasando pola etnografía, literatura, reglamentos varios, ou temas de interés para o labrego: concursos de gando, pozos artesianos, o forno rural...— axudaban a darlle un tono serio e divulgativo á vez. Con razón asegura o profesor Mínguez, no seu traballo sobre a prensa local, que La Defensa "significou un fito de extraordinaria importancia na historia da prensa brigantina".



EL PUEBLO

ORGANO INDEPENDIENTE DE ESTA LOCALIDAD

SE PUBLICA LOS JUEVES

SUSCRIPCION E INSERCOES
BETANZOS en mes. 10 cts.—Periódico mensual 1 pt.—
Extranjero trimestral 5 pts.—Número suelto 10 cts.
Anuncios, encuestas de festejos y comunicados a
precios convencionales.

ADMINISTRACIÓN

VALDONCEL SV. C. 1º Na Rúa das Flores

EL PUEBLO

Organo único de esta localidad. (1)

PERIODICIDADE.— Semanal. Publicouse sucesivamente os domingos, xoves e sábados. Os tres derradeiros números saíron quincenalmente.

PRIMEIRO NUMERO.— 5-VIII-1900.

DERRADEIRO NUMERO.— 15-VI-1902.

NUMEROS PUBLICADOS.— 85.

DIRECTOR.— José Bartolomé Vidal "Melotobar" (cesa no n.º 39), sustituido por Juan Gómez Navaza, durante seis semáns, hasta agosto de 1901 en que asume a dirección Bernardo Miño Abelenda.

REDACTORES E COLABORADORES.— Antonio Fernández Rivas, Guillermo Robledo, Darío Caramés, Juan Gómez Navaza, "Edil Claridades".

FORMATO.— 47 x 32,5 cm. (excepto o n.º 20 e 47). A partir do n.º 52 disminuie o formato a 41,5 x 31 cm.

N.º DE PAXINAS.— Catro, a catro columnas; unha delas de publicidade.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. Sucesores de Castañeira, Pardiñas 11. Logo en Impr. Roel, A Coruña, xa que a aparición de El Otro Pueblo "obligao" a deixar o obradoiro de Castañeira.

ADMINISTRACION.— Cantón Grande, 38; depois no domicilio do segundo director, Valdoncel, 22-2.º.

PRECIOS.— Subscripción: Betanzos, 0,30 pts. ao mes. Partido xudicial, 0,50 pts ao mes. Fora do partido, 1,50 pts. Extranjero, 3 pts.

OTRAS CARACTERISTICAS.— Combaten a política caciquil dos liberais que están ao frente do municipio. En principio parece estar respaldado por tódalas forzas que se oponían a esta caste de política, conservadores incluidos. Progresivamente irá adoptando unha postura más radical, obligando aos sectores caciques a sacar á rúa outro xornal, El Progreso, para contarrestar a influencia de El Pueblo. Os redactores más conservadores pasarán ao primeiro, diante do carís combativo que vai tomando este último. Apoia á recién creada Asociación de Agricultores de Betanzos e mantén unha sección titulada "Socialismo" para informar das actividades das organizacións obreiras locais. A progresiva radicalización lévao a identificarse coa candidatura socialista (que se presentará ás eleccións municipais de 1901, acadando un representante) e a sostener fortes enfrentamentos político-ideolóxicos con El Progreso e os seus continuadores. Publicou poemas de Labarta Pose, Valle Inclán, Alberto G. Ferreiro (en galego), José Asunción Silva, Heine, contos de Turqueneff; fragmentos de escritos de Kautsky, Pablo Iglesias, Kropotkin, Ganivet,... En folletín publicou "Catecismo da doutrina galega" de Marcos da Portela; "El mildeu, ligero estudio de esta enfermedad y su tratamiento... por un paisano". Os números 20 e 47 saíron en papel de cor amarelo e rosa, respectivamente. No n.º 40 cambiou a cabeceira, para cambiala de novo no 53. Publicidade local do sector servicios.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos; Sala Cronista Vales Villamarín: n.os 1, 2, 4, 14, 19, 20, 21, 23, 24, 25, 29, 30, 38, do 40 ao 63 e do 65 ao 85.

(1) Coa aparición de El Progreso pasará a subtitularse "Organo independiente de esta localidad".

EL PROGRESO

ÓRGANO DEL PARTIDO LIBERAL BRIGANTINO

AÑO II	Precios de Suscripción	Estanzos. — Domingo 12 de Mayo de 1901 Redacción y Administración, Betanzos, 4	Anuncios y Comunicados	NÚM. 28
	Betanzos, al mes 0,40 pesetas Fóra, trimestre 1,50 . . . Extranjero 2,50 . . .		Precio convencional: Número suelto 0,10 pesetas Id. atrasado 0,15 . . .	

EL PROGRESO

Semanario independiente. (1)

PERIODICIDADE. — Semanal.

PRIMEIRO NUMERO. — 4-XI-1900.

DERRADEIRO NUMERO. — Agosto de 1901.

NUMEROS PUBLICADOS. — 41.

DIRECTOR. — Antonio Fernández Rivas (do n.º 1 ao 14); Mariano Tudó Montero (do n.º 15 ao 28) e Juan Ponte y Blanco.

REDACTORES E COLABORADORES. — Antonio G. Novoa, Manuel Castro Ares, Roque Ponte, José Alguero Penedo, Dario Caramés, Manuel Martínez Teijeiro, Valerio Núñez, Ricardo Morais, Juan Gómez Navaza, Leoncio López, César Gómez, Juan Ponte, Luis López e Manuel García Failde.

FORMATO. — 47 x 33 cm.

N.º DE PAXINAS. — Catro, a catro columnas.

LUGAR DE IMPRESION. — Tipogr. El Noroeste, A Coruña. Despois en Impr. Roel, A Coruña.

REDACCION E ADMINISTRACION. — Cantón Grande, 38. Despois en Ferreiros, 4.

PRECIOS. — Subscrição: Betanzos, 0,30 pts. ao mes (subirá a 0,40 pts. posteriormente). Fóra, 1,25 pts. ao trimestre. Extranjero, 2,25 pts.

OUTRAS CARACTERISTICAS. — Frente das veleidades socializantes de El Pueblo, El Progreso presentase como o portavoz das xentes de "orde". Deste xeito, no seu primeiró número anuncia fachendosamente aos seus redactores, facendo ostentación da sua categoría profesional: escribanos, médicos, mestres, abogados,... Algún deles xa tiñen colaborado en El Pueblo e abandonárono, como asimismo deixarán a redacción de El Progreso moitos deles, situándose á marxe da loita, cando este pase a ser o órgano oficial do partido liberal e do seu xefe Agustín García. Os enfrentamentos con El Pueblo radicalizaranse a raiz deste posicionamento oficial. Tiñen correspondencia en Madrid, A Coruña, Santiago, Ferrol e Pontedeume. Publicou un relato da Pardo Bazán, "Pena de muerte", e "Memorias de un viaje improvisado", de Rogelio Borondo, en folletin inacabado. Contaba con publicidade do sector servicios da localidade.

LOCALIZACION. — Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: n.ºs 1, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 37, 38, 39, 40 (con suplemento) e 41.

(1) A partir do n.º 28 pasa a subtítularse "Organo del partido liberal".

Año I.

Betanzos 14 de Febrero de 1901

Núm. 3.

SUSCRIPCION

Un mes 30 céntimos.—Fóra
trimestre 1,50.—Extranjero idem
3 pts.—Número suelto 10 cts.

EL CHAPARRÓN

Toda la correspondencia se di-
rájirá á la Administración.

EL CHAPARRÓN

PERIODICIDADE. — Semanal.

PRIMEIRO NUMERO. — 31-I-1901.

DERRADEIRO NUMERO. — Setembro de 1901.

NUMEROS PUBLICADOS. — ?

DIRECTOR. — Non figura.

REDACTORES E COLABORADORES. — César Sánchez Diaz.

FORMATO. — 33 x 23 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a duas columnas, más cubertas de cor.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. Sucesores de Castañeira (n.º 1 e 2). Logo, en Vda. de Abad, A Coruña.

PRECIO.— 10 cts. exemplar.

OTRAS CARACTERISTICAS.— Publicación satírica, frívola e intrascendente. Tiña cubertas de papel de cor, sin texto —excepto a cabeceira co título—. Mantiña unha sección —cecais a máis importante para os seus lectores— cun suposto servicio telegráfico sarcástico sobre dos noivados da localidade. Sin publicidade.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: n.º 3.

Año I

Betanzos 20 de Febrero de 1901

Núm. 2

EL ECO DE LA INFANCIA

UNICO EN SU CLASE EN GALICIA

DIRECTOR

ANTONIO NUÑEZ DIAZ

ADMINISTRACION

SÁNCHEZ BREGUA 17.—^{2º}

COLABORADORES

Manuel López Páez, Tomás López
César Luna, Julio Ponte

EL ECO DE LA INFANCIA

Unico en su clase en Galicia.

PERIODICIDADE.— Trimensual (“se publica tres veces al mes”).

PRIMEIRO NUMERO.— Febreiro de 1901.

DERRADEIRO NUMERO.— ?

NUMEROS PUBLICADOS.— ?

DIRECTOR.— Antonio Núñez Diaz.

REDACTORES E COLABORADORES.— Manuel López Páez, Tomás López, César Luna, Julio Ponte.

FORMATO.— 22,5 x 17 cm.

N.º DE PAXINAS.— 4, a duas columnas, más cuberta.

LUGAR DE IMPRESION.— Impr. Sucesores de Castañeira.

REDACCION E ADMINISTRACION.— Sánchez Bregua, 17-2.^º

OTRAS CARACTERISTICAS.— Publicación infantil que patrocinaba a Casa Núñez e, de facerlle caso ao subtítulo, única das suas características en Galicia. As cubertas eran de papel de cor rosa e as páxinas interiores de cor azul. Non constan precios nin publicidade. Contemporánea de El Chaparrón, El Pueblo e El Progreso, coincidindo catro publicacións neste intre na localidade. No n.º 2 establece un concurso consistente en desenvolver un tema sobre de “La ignorancia” e “tanto para niños como niñas que no excedan de 15 años”, publicando-se na revista o traballo premiado.

LOCALIZACION.— Arquivo Municipal de Betanzos, Sala Cronista Vales Villamarín: n.º 2.

UN SUSPIRO DE «EL CHAPARRÓN»

